

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 1 DE ABRIL DE 2022

Ás 10:05 horas do día 1 de abril de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 29 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Elena Ares Salgado, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral (asiste ao punto 11)
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral (asiste a todos os puntos agás o punto 11)
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio dos Servizos Económicos de Dirección
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste ao punto 9b, 10b e 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos de usuario (ordenadores, monitores e escáneres) (9.811-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ATI GALICIA, S.L.L.
 2. HERBECON SYSTEMS, S.L.
 3. SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:23	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A144-895HE5-ECABAE-BC3FEJ-6BSTX2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. UNIVERTIA, S.L.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos de usuario (ordenadores, monitores e escáneres) (9.811-113)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

ATI Galicia, S.L.L.

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo A: 4,00%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo B: 1,50%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos monitores: 0,00 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles de 15,6": 10,00%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles convertibles: 5,00%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos escáneres: 6,00%

2.- Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:

a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo A:

- Incrementa as características técnicas do procesador a 3,419
- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (64GB)
- Propón un disco duro de GB, a maiores do mínimo esixido (1TB)

b) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo B:

- Incrementa as características técnicas do procesador a 2.716
- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (16GB)
- Propón un disco duro de 240 GB, a maiores do mínimo esixido (120GB)

c) Melloras técnicas dos monitores:

- Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): 1 ms

d) Melloras técnicas dos portátiles 15,6":

- Incrementa as características técnicas do procesador a 2,699



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:23	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A144-895HE5-ECABAE-BC3FEJ-6BSTX2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (8GB)
- Propón un disco duro de GB, a maiores do mínimo esixido (256GB)

e) Melloras técnicas dos portátiles convertibles:

- Incrementa as características técnicas do procesador a 2,88
- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (16GB)
- Propón un disco duro de GB, a maiores do mínimo esixido (256GB)

HERBECON SYSTEMS, S.L.

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo A: 16,15%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo B: 8,39%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos monitores: 5,95%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles de 15,6": 20,25%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles convertibles: 5,18%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos escáneres: 22,44%

2.- Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:

a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo A:

- Incrementa as características técnicas do procesador a i7 11700
- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (64GB)
- Propón un disco duro de GB, a maiores do mínimo esixido (1TB)

b) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo B:

- Incrementa as características técnicas do procesador a i3-10110
- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (16GB)
- Propón un disco duro de GB, a maiores do mínimo esixido (120GB)

c) Melloras técnicas dos monitores:

- Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): (si/non)

d) Melloras técnicas dos portátiles 15,6":

- Incrementa as características técnicas do procesador a i5-1137g7
- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (8GB)
- Propón un disco duro de GB, a maiores do mínimo esixido (256GB)



e) Melloras técnicas dos portátiles convertibles:

- Incrementa as características técnicas do procesador a i7-1165G7
- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (16GB)
- Propón un disco duro de GB, a maiores do mínimo esixido (256GB)

SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMATICA, S.L.

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo A: 27%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo B: 35%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos monitores: 10%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles de 15,6": 15%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles convertibles: 21%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos escáneres: 12%

2.- Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:

a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo A:

- Incrementa as características técnicas do procesador a 3.973
- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (64GB)
- Propón un disco duro de GB, a maiores do mínimo esixido (1TB)

b) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo B:

- Incrementa as características técnicas do procesador a 2.519
- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (16GB)
- Propón un disco duro de 240 GB, a maiores do mínimo esixido (120GB)

c) Melloras técnicas dos monitores:

- Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): si

d) Melloras técnicas dos portátiles 15,6":

- Incrementa as características técnicas do procesador a 2.704
- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (8GB)
- Propón un disco duro de GB, a maiores do mínimo esixido (256GB)

e) Melloras técnicas dos portátiles convertibles:

- Incrementa as características técnicas do procesador a 2.728



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:23	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A144-895HE5-ECABAE-BC3FEJ-6BSTX2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Propón unha memoria RAM de GB, a maiores do mínimo esixido (16GB)
- Propón un disco duro de 512 GB, a maiores do mínimo esixido (256GB)

UNIVERTIA, S.L.

1.- Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:

- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo A: 8,10%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos de sobremesa tipo B: 10,53%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos monitores: 7,62 %
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles de 15,6": 2,54%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos portátiles convertibles: 16,45%
- Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos escáneres: 24,86%

2.- Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 2 do PPT:

a) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo A:

- Incrementa as características técnicas do procesador a INTEL I9 1900KF BENCHMARK 3138 PUNTOS Single Thread performance.
- Propón unha memoria RAM de 0 GB, a maiores do mínimo esixido (64GB)
- Propón un disco duro de 0 GB, a maiores do mínimo esixido (1TB)

b) Melloras técnicas dos equipos de sobremesa tipo B:

- Incrementa as características técnicas do procesador a i3 10100 2638 puntos Single Thread performance
- Propón unha memoria RAM de 0 GB, a maiores do mínimo esixido (16GB)
- Propón un disco duro de 8 GB, a maiores do mínimo esixido (120GB)

c) Melloras técnicas dos monitores:

- Reduce o tempo de resposta máximo establecido no PPT (5 ms): si

d) Melloras técnicas dos portátiles 15,6":

- Incrementa as características técnicas do procesador a Ryzen 5 5500u 2457 puntos Single Thread performance
- Propón unha memoria RAM de 0 GB, a maiores do mínimo esixido (8GB)
- Propón un disco duro de 256 GB, a maiores do mínimo esixido (256GB)

e) Melloras técnicas dos portátiles convertibles:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:23	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A144-895HE5-ECABAE-BC3FEJ-6BSTX2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Incrementa as características técnicas do procesador a i7 1165G7 2880 puntos Single Thread performance
- Propón unha memoria RAM de 0 GB, a maiores do mínimo esixido (16GB)
- Propón un disco duro de 256 GB, a maiores do mínimo esixido (256GB)

Asiste á apertura D^a. Marina Alonso González, con DNI ****.00.48***, en representación de SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA .

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra que o 24 de marzo de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP co único licitador presentado, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 29 de marzo de 2022 o xefe do Servizo de Deportes P.D. emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que *"pódese chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o referido informe.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes P.D. o 29 de marzo de 2022 de valoración do sobre C *"proposición avaliábeis mediante fórmula"* coa proposta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:23	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A144-895HE5-ECABAE-BC3FEJ-6BSTX2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación do céspede artificial e instalacións no campo de fútbol santa Mariña-Cabral" (759-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 29 de marzo de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. (A-15.208.408), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de



"Renovación do céspede artificial e instalacións no campo de fútbol santa Mariña-Cabral" (759-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación do céspede artificial e instalacións no campo de fútbol santa Mariña-Cabral" (759-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	PRACE, SERVICOS Y OBRAS, S.A.	93,19
2º	MONDO IBÉRICA, S.A.U.	87,92
3º	URBAN GLOBAL 2018, S.L.	66,73

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:23	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A144-895HE5-ECABAE-BC3FEJ-6BSTX2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de xaneiro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do "CONTRATO DE SEGUIMIENTO, CONTROL E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E EQUIPOS DE TRABALLO XESTIONADOS POLO TALLER DE VÍAS E PARQUE MÓBIL MUNICIPAL, DENTRO DAS COMPETENCIAS DA CONCELLERÍA DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO".

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais en data 24 de novembro de 2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en datas 24 e 25 de novembro de 2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E SEIS EUROS con NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS" (37.266,92 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 6.460,87 €.

Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 (ESTUDIOS DE SEGURIDADE E SAÚDE), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2021	1,551.12 €
2022	18,613.46 €
2023	17,062.34 €
TOTAL	37,226.92 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:23	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A144-895HE5-ECABAE-BC3FEJ-6BSTX2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Quinto.- *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de marzo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

”Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de febreiro de 2022, de INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR) por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.3C do PCAP).

Segundo.- Excluir deste procedemento a COORDINA. COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. por conter a súa ofertasi valores anormais ou desproporcionados sen que tivese presentado xustificación ningunha en prazo.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Baixa ofertada (s/IVE)
1	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	8.702,26 €
2	AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L.	8.030,53 €
3	INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, S.L.	6.046,05 €
4	CSM GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, S.L.U.	6.023,03 €
5	PREVENNOVA SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	5.966,95 €
6	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	4.774,05 €

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:23	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A144-895HE5-ECABAE-BC3FEJ-6BSTX2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, APPLUS NORCONTROL, S.L.U., o día 10 de marzo de 2022, que presenta a documentación requirida o 18 de marzo de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de marzo de 2022 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a APPLUS NORCONTROL, S.L.U. para que puidese emendar a acreditación da solvencia técnica de acordo coas esixencias da cláusula 8.4.3º do PCAP.

O mesmo día da sesión recíbese no Servizo de Contratación escrito presentado polo licitador relativo á súa solvencia técnica e no que declara ter prestado outros servizos análogos no Concello de Vigo.

O Servizo de Contratación solicita informe á Área de Fomento en relación coa documentación presentada.

Con data do 30 de marzo de 2022 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos emite o informe solicitado.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de abril de 2022 revisou a solvencia técnica do licitador segundo o informado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 30 de marzo, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar APPLUS NORCONTROL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por APPLUS NORCONTROL, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 7 de marzo de 2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:23	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A144-895HE5-ECABAE-BC3FEJ-6BSTX2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón dos seguintes acordos:
 - *Exclusión acordada pola Mesa de Contratación, na sesión do 11 de febreiro de 2022, de INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR) por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.3C do PCAP).*
 - *Exclusión adoptada o 10 de marzo de 2022 pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), de COORDINA. COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que tivese presentado xustificación ningunha en prazo.*
2. *Adxudicar a APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357) o procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441) por un prezo total de 26.697,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.633,39 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 08:23	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8A144-895HE5-ECABAE-BC3FEJ-6BSTX2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		